

## **NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO**

- A convivencia entre toda a comunidade educativa estará presidida polo respecto mutuo.
- O horario do centro debe ser respectado por toda a comunidade educativa. A puntualidade é esencial para o correcto funcionamento do centro (clases, gardas, reunións...).
- O estudo constitúe un deber básico do alumnado, concretándose tanto en seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe, como respectando o dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
- As instalacións, equipos, e material do centro, deberán tratarse con respecto. O alumnado será responsable do bo estado de conservación das aulas nas que reciba clase.
- As propiedades doutros membros da comunidade educativa deberán ser escrupulosamente respectadas, non podendo ser utilizadas máis que no caso de permiso expreso do propietario ou propietaria. Os alumnos/as que de xeito individual ou colectivo causen danos, ben sexa de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións do centro ou á propiedade dos compañeiros, quedan obrigados a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación, ademais doutras posibles sancións.
- Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos no noso instituto. Excepcionalmente, poderán ser utilizados como ferramenta pedagóxica previa autorización do profesor/a que os requira.
- Se algún alumno se atopa mal durante as clases ou nos recreos chamarase á familia para que veña recollelo e, se é preciso, o acompañe ao centro médico. Mentres agarda pola familia, o alumno sentará na planta baixa, na cafetería ou na enfermería, baixo a supervisión do profesor de garda. O profesor de garda só acompañará ao alumno ao centro médico en circunstancias excepcionais e baixo indicación dalgún membro do equipo directivo.